

Once investigadores do CITIC presentan as súas memorias anuais de seguimento



Os investigadores do CITIC cos seus titores, o coordinador do centro, Manuel F. Penedo, e a vicecoordinadora e responsable científica, Bertha Guijarro

Un total de 3 investigadores posdoutorais e 8 predoutorais presentaron no Centro de Investigación TIC (CITIC) da UDC as memorias anuais de seguimento dos traballos de investigación desenvolvidos desde a súa contratación o pasado mes de xuño.

A vicecoordinadora e responsable científica do CITIC, Bertha Guijarro, inaugurou o acto. Pola súa banda, o coordinador do centro,

Manuel F. González Penedo, foi o encargado de clausurar a xornada, apuntando que este encontro pode facilitar interaccións entre diferentes ámbitos de cara ao próximo ano.

Os procesos de selección destes investigadores foron financiados pola Xunta de Galicia e a Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á axuda de Centros Singulares de Investigación para o período 2016-2019.

As liñas de investigación dos investigadores do CITIC



IGNACIO FRAGA CARDÓNIGA
Investigador posdoutoral

Desenvolvemento dun sistema de alarma fronte a inundacións tendo en conta as incertezas no conxunto de procesos analizados (predición de choiva, transformación choiva-escorrentía e delimitación de zonas inundables).



JOSÉ PABLO GONZÁLEZ COMA
Investigador posdoutoral

Interface de radio para 5G, superando o óptimo teórico a través dunha solución algorítmica baseada na heurística.



PAULA LÓPEZ OTERO
Investigadora posdoutoral

Sistemas de recuperación de voz en documentos audiovisuais. DetECCIÓN de depresión en audio a través da análise do estado emocional e do contido, garantindo o anonimato.



EVA BARAZÓN PEÑA
Investigadora predoutoral

Novos retos en finanzas cuantitativas: tipos negativos e volatilidade estocástica.



JOSÉ FRANCISCO BALSA GONZÁLEZ
Investigador predoutoral

Transmisión de información analóxica: unha imaxe analóxica pode transmitirse cunha maior calidade e velocidade que unha dixital.



SERGIO VÁZQUEZ PARDO
Investigador predoutoral

Arquitectura de computadores. Deseño dun shader para o pipeline de rendering que permita o procesamento de forma interactiva de superficies complexas realistas.



MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ-VIZCAÍNO
Investigador predoutoral

Técnicas e metodoloxías de seguridade en redes de comunicación utilizando técnicas de análise masivo de información para a detección de intrusións e outro tipo de ataques.



SILVIA NOVO DÍAZ
Investigadora predoutoral

Contribución metodolóxica en modelos de regresión funcional: proposta de modelos de interpretación máis sinxela.



TIRSO VARELA RODEIRO
Investigador predoutoral

Estruturas de datos e algoritmos para o procesamento eficiente de datos masivos. Etiquetado de rutas con GPS para proporcionar información de mobilidade.



ALBERTO ALVARELLOS GONZÁLEZ
Investigador predoutoral

Construción dun sistema que determine o movemento dos barcos amarrados nun porto e construción dun sistema de predición de rebase.



JOSÉ JOAQUIM DE MOURA SANTOS
Investigador predoutora

Desenvolvemento dun sistema capaz de identificar, cuantificar e categorizar de forma automática as anomalías asociadas co Edema Macular Diabético en imaxes de Tomografía de Coherencia Óptica.